



IES MARÍA CASARES. Departamento de **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

MATERIA	Bioloxía e Xeoloxía
PROFESOR	Jorge Otero Amoedo

1º ESO
2023-2024

CONTIDOS		
1ª AVALIACIÓN	0	B1: O MÉTODO CIENTÍFICO aplicado ao coñecemento da Terra no Universo: Principais modelos sobre a orixe do Universo. Compoñentes do Universo. Características do Sistema Solar e dos seus compoñentes. Concepcións sobre o Sistema Solar ao longo da historia. Os planetas no Sistema Solar. O planeta Terra: características. Os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e as súas consecuencias.
	1	B4: A xeosfera: estrutura e composición da codia, o manto e o núcleo. Minerais e rochas: propiedades, características e utilidades. Xestión sustentable dos recursos minerais. Recursos minerais en Galicia. Características que fixeron da Terra un planeta habitable.
	2	B5: A atmosfera: composición e estrutura. O aire e os seus compoñentes. Efecto invernadoiro. Importancia da atmosfera para os seres vivos. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións. Características que fixeron da Terra un planeta habitable
	3	B5 A hidrosfera. Propiedades da auga. Importancia da auga para os seres vivos. A auga na Terra. Auga doce e salgada. Ciclo da auga. A auga como recurso. Xestión sustentable da auga. Contaminación das augas doces e salgadas. A biosfera. Características que fixeron da Terra un planeta habitable.
2ª AVALIACIÓN	4	B2: Concepto de ser vivo, as funcións vitais. A célula: tipos. Niveis de organización. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial. 3. Reinos dos seres vivos: Moneras, Protistas, Fungos, Metafitas e Metazoos.
	5	B3: Os virus e os reinos sen tecidos. Os virus estruturas acelulares. O reino Monera: Funcións vitais, a súa importancia. O reino Fungos : Funcións vitais, importancia dos fungos na biosfera. O reino Protista; Protozoos e algas, funcións vitais, o seu papel na biosfera.
	6	B3: Plantas: brións, fentos, ximnospermas e anxiospermas. Características principais, nutrición, relación e reprodución. Clasificación de plantas a partir de claves dicotómicas e outros medios.
3ª AVALIACIÓN	7	B3: Invertebrados: poríferos, celentéreos, plathelminths, nematodos, anélidos, moluscos, equinodermos e artrópodos. Características anatómicas e fisiolóxicas. A importancia dos invertebrados. Clasificación de animais a partir de claves dicotómicas e outros medios. As funcións vitais nos invertebrados: Nutrición. Relación, reprodución.
	8	B3: Animais Vertebrados: peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos. Características anatómicas e fisiolóxicas. A súa importancia para as persoas. As funcións vitais nos vertebrados: Nutrición. O proceso dixestivo, a respiración, a circulación a excreción. A función de relación. A función de reprodución. Fecundación, desenvolvemento embrionario e postembrionario.
	9	B6: Ecosistema: identificación dos seus compoñentes. Factores abióticos e bióticos nos ecosistemas. Ecosistemas acuáticos: mariños e de auga doce. Ecosistemas terrestres: zonas polar, temperada e cálida; o solo. Ecosistemas terrestres e acuáticos de Galicia. . Relacións biótomo-biocenose, formas de alimentación e relacións no ecosistema. Factores desencadeantes de desequilibrios nos ecosistemas. Estratexias para restablecer o equilibrio nos ecosistemas. A conservación do medio ambiente, espazos naturais protexidos de Galicia.
AO LONGO DO CURSO	B1	B1: O vocabulario científico na expresión oral e escrita. Metodoloxía científica: características básicas. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes. Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados. Normas de seguridade no laboratorio , e coidado dos instrumentos e do material Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación, a partir da experimentación ou a observación. Artigo científico. Fontes de divulgación científica. Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas	70%
Traballos, caderno de clase e participación na dinámica da aula	30%
TOTAL AVALIACIÓN	100%
NOTA MEDIA XUÑO	
NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA XUÑO	
<ul style="list-style-type: none"> • Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións e un exame final. • O exame final será tipo test para o alumnado que teña unha cualificación 5 ou superior a 5 na media das tres avaliacións. A nota final da materia será: a media das notas acadadas por cada alumna ou alumno nesas tres avaliacións e a nota do exame final. Pare este cálculo utilizarase a nota real acadada en cada avaliación con dous decimais, e non o número enteiro redondeado que aparece no boletín. • O alumnado que non alcance unha nota suficiente para acadar o aprobado tras facer a media das tres avaliacións, terá a oportunidade de recuperar aquelas avaliacións suspensas nunha proba de recuperación escrita (exame final escrito) antes da avaliación ordinaria. Nesta proba terán que recuperarse avaliacións completas. 	

OBSERVACIÓNS: Para o cálculo da **nota final** DA MATERIA aproximarase a valores enteiros: de xeito XERAL ao enteiro inferior para os decimais 1 a 4, e ao enteiro superior para os decimais de 5 a 9 sempre que presentasen fichas voluntarias de reforzo ao longo do curso.

EXAMES: No caso de que un alumno ou alumna non se presente a unha proba deberá presentar documentación xustificativa para realizar a mesma noutra data pactada co profesor.

CONTACTO CO PROFESORADO

NOME	CORREO ELECTRÓNICO
Jorge Otero Amoedo	Entregado ao alumnado, pegado na libreta e asinado polos seus títos legais. bioloxia1mariacasares@gmail.com